

## Obxectivos:

Motivar mediante unha dinámica vivencial o achegamento á complexa realidade do comercio internacional actual. Distingui-los conceptos de prezo e valor, así como a súa relación. Experimenta-la inxustiza, tratar de entendela cunha análise sistemática e elaborar solucións.

## Preparativos:

Anunciaremos con antelación a realización dunha merenda, almorzo, sen explica-la súa finalidade. Podemos compra-los ingredientes con diñeiro do orzamento ou pedir que cada alumno traia algo. O día sinalado prepararemos de xeito atractivo zumes, auga, bocadillos, medios bocadillos, pasteis en porcións, etc.; pratos vasos e panos de mesa. Anunciaremos: "Imos comer, pero témolo que pagar, habemos de traballar para poder comer e beber".

## Organización:

Nunha clase de 25 alumnos e alumnas faremos dous grupos: o 20% serán os favorecidos; o 80% serán os desfavorecidos (20 membros). Os favorecidos terán que facer triángulos equiláteros de 10 cm de lado; os desfavorecidos terán que facer tetraedros de 10 cm de arista. No taboleiro pódese facer unha demostración de cómo se fan as dúas figuras (con compás). Os triángulos, cortados, e os tetraedros, colados con celo.

Os dous grupos han de ter material abondo: papel usado para reciclar, regras, compases, lapis, gomas, tesoiras e, para os tetraedros, celo.

## Desenvolvemento:

Durante 15 minutos os dous grupos farán as súas figuras. Unha vez transcorrido o tempo, deterémo-las construcións, colgarémo-la lista de prezos, xa preparada, e diremos: "Ábrese o bar. Cada grupo pode vir cambia-la súa produción polo que queira comer ou beber. Tédesvos que poñer de acordo antes de vir".

Prezos posibles (depende da habilidade do alumnado)

Vaso de zume: 6 unidades	Vaso de agua: 4 unidades
1/2 bocadillo: 5 unidades	Bocadillo: 8 unidades
Anaco de pastel: 5 unidades	

A comida entregarase a cambio das unidades. Polo tanto, é igual se se trata dun triángulo ou dun tetraedro.

É de esperar que o alumnado reaccione dicindo: "Isto non vale", "É inxusto"... etc. En caso contrario, debemos provocalo: "¿Conformádesvos?" "Unha vez producida a reacción, iniciarémo-lo debate (antes ou despois de comer, depende da reacción).

## PISTAS PARA O DEBATE

**¿Por que non vale ou é inxusto?** O alumnado terá que chegar á conclusión de que non é o mesmo facer un triángulo que facer un tetraedro.

**¿Por que non é igual facer un triángulo que facer un tetraedro?** O alumnado terá que ver que o tetraedro é máis difícil. Require máis esforzo, máis tempo de traballo. Co mesmo tempo pódense facer máis triángulos. (A relación aproximada é de 1 a 4).

**Para que fose xusto, ¿como debería ser?** O alumnado terá que chegar a establecer unha avaliación proporcional, unha equivalencia. Se un fixo 30 triángulos en 15 min. e outro no mesmo tempo só fixo 5 tetraedros, a relación tería que ser: 1 tetraedro=6 triángulos.

**¿Quen provocou a inxustiza?** O alumnado terá que ver que "foi o profe o que fixou os prezos".

**"Eu fun xusto, puxen os prezos igual para todos".** O alumnado terá que obxectarlle: "Non tiveches en conta a valoración real dos diferentes traballos".

**¿Que diferenza hai, polo tanto, entre valor e prezo?** O alumnado deberá darse de conta-de que o valor dun produto se mide polo traballo que custou facelo e/ou pola capacidade que ten para cubrir necesidades. O prezo é o diñeiro que hai que pagar para obter un produto. Por exemplo: a auga ten un valor moi alto e un prezo moi baixo. Un diamante ten un prezo moi alto e un valor moi reducido. Escribíranse no taboleiro estes exemplos de diferenciación e farase un pequeno mural para colgar na aula.

Acabaremos cunha reflexión. Pensemos nas cousas que compramos. ¿Responde a unha xusta valoración o prezo que pagamos por cada unha delas? Como exemplo, analizáremo-lo café. Para concluír, formularemos dúas preguntas que deberán responder individualmente: ¿Como te sentiches cando víche-los prezos? ¿Que conclusión sacaches desta actividade?

## 2 O PERCORRIDO DO CAFÉ DESDE O PRODUCTOR ATA NÓS

**Obxectivos:** coñece-la complexidade que pode te-la cadea alimentaria desde o produtor ou productora ó consumidor ou consumidora. Ver cómo as distintas etapas da cadea alimentaria adoitan repercutir no custo do paquete de café. Ser conscientes de que, en moitos casos, as grandes empresas multinacionais absorberon diferentes etapas da cadea alimentaria, porque así dominan case todo o relacionado co café. Localiza-los países produtores nun planisferio.

**Descrición:** a partir dunha ilustración seguiremo-lo longo camiño do café, e fixarémonos no elevado número de intermediarios que interveñen nel. Tamén se citarán os principais países produtores, para situalos no planisferio.

**Orientacións:** face-lo seguimento desde o produtor ata o consumidor e subliñar que somos nós, os consumidores, os que tiramos do tren, formado polos seguintes vagóns: os comerciantes e os intermediarios que compren o produto en bruto; o escascado, que normalmente se fai en orixe; a súa exportación; a chegada do produto a Europa; o traballo industrial de tostar e empacquetar; a marca, o logo a súa distribución e venda ós comercios.

Comprender ou revisa-lo que quere dicir tanto por cento (%). Calcular e analizar máis detalladamente cómo queda repartido o que recibe cada etapa nun paquete de café. Neste apartado poderán darse conta de que, en moitos casos, grandes empresas chamadas multinacionais, dominan diferentes etapas da cadea alimentaria. A partir deste punto poderase empezar a cuestionar se sempre ten que ser así ou se podería ser doutro xeito.

## 3 OS PEQUENOS PRODUCTORES E PRODUCTORAS

**Obxectivo:** identifica-las consecuencias negativas da caída do prezo do café para os campesiños produtores.

**Descrición:** propoñer un exercicio de comprensión lectora para identificar, mediante un exemplo real, a situación en que viven os pequenos produtores, como no caso de Tatu; e un segundo exercicio de análise dunha curva da evolución do prezo do café desde 1998 ata o 2001, para ve-la progresiva caída dos ingresos dos campesiños. A observación do cómic permitiranos reflexionar sobre o papel dos intermediarios. Tanto a curva do prezo do café como o cómic aparecen na ilustración da actividade 2.

**Orientacións:** deberíase establecer un paralelismo co xogo inicial. Os que facían os tetraedros quedaron con pouca comida porque o seu produto non estaba xustamente valorado. É o que pasa cos pequenos produtores de café. Os beneficios que xera o seu cultivo repártense de maneira inxusta, e os campesiños son os que reciben menos. Por esa razón, miles de familias non poden cubri-las súas necesidades básicas: alimentación, sanidade, educación.

¿QUE PODEN FACE-LOS PEQUENOS PRODUCTORES DE CAFÉ PARA MELLORA-LA SÚA SITUACIÓN ECONÓMICA?

**Obxectivo:** buscar alternativas diferentes á que vimos. Darse conta de que ás veces hai circunstancias que son difíciles de cambiar, pero que, aínda que polo xeral é imposible cambialas totalmente, pódense modificar considerablemente.

**Descrición:** en primeiro lugar, pedir-lles ós nenos e ás nenas que propoñan ideas para cambia-la situación. Pódeselles axudar con propostas como: Cando un neno ou unha nena ten un problema, procúrao solucionar individualmente; pero cando o problema o ten a maioría da clase, ¿que facemos?

**Orientacións:** pensar se coñecen algún proceso de comercio diferente ó que se presentou antes. Débese tratar de que cos seus comentarios cheguen a ver que os pequenos produtores poden absorber diferentes etapas e conseguir unha relación directa ou moito máis directa coas empresas europeas que compran café. Propoñe-la elaboración dun mural entre toda a clase, no que se pinte un tren no que se reduza o número de etapas, cousa que achegará os produtos ós consumidores. Os nenos poderán constatar graficamente que iso beneficia ós primeiros sen prexudicar ós consumidores.

## 4 E NÓS, ¿QUÉ PODEMOS FACER?

**Obxectivos:** fomenta-la curiosidade para discerni-la procedencia e as condicións en que se produciron algúns cafés e outros produtos. Dar a coñece-lo comercio xusto e iniciar unha reflexión cara a un consumo responsable. Incentivar actitudes de participación colectiva.

**Orientacións:** en relación co primeiro obxectivo, temos que ser conscientes de que podemos coñece-la procedencia de poucos produtos e o mesmo podemos dicir respecto ás condicións en que se produciron, pero podémonos dar conta de que non é imposible.

Podemos falar de xeito sinxelo das cooperativas de pequenos produtores de café e das tendas de comercio xusto, onde venden produtos comprados a esas cooperativas. Con ámbalas dúas cousas conséguese que o pequeno produtor de café cobre un prezo digno polo seu traballo. Finalmente, planear cómo podemos axudar nós, ou os nosos pais, despois de ter-lles explicado todo o que vimos sobre o comercio. Podemos animalos a participar na campaña "Comercio con xustiza". Se vos conectades á web: [www.comercioconjusticia.com](http://www.comercioconjusticia.com) poderedes ter máis instrucións para poñer en marcha as actividades que vos propoñemos. Así poderédesvos unir a miles de persoas que loitamos para que o comercio internacional contribúa a erradica-la pobreza.

3º Ciclo de Primaria

# A MERENDA DO COMERCIO




2

# O PERCORRIDO DO CAFÉ DESDE O PRODUTOR ATA NÓS


O produtor ou  
productora  
cultiva e colleita  
o café


Un comerciante  
cómpralle a  
colleita ó pequeno  
produtor



## COLOREA OS PAÍSES PRODUCORES DE CAFÉ DO MUNDO

América: Brasil, México, Guatemala    Asia: Vietnam, Indonesia, India    África: Costa do Marfil, Uganda, Etiópia





**SE UN PAQUETE DE 250 GR. VALE NA TENDA 1,2 EUROS, CALCULA CON CÁNTO QUEDA CADA UN**

3% os pequenos produtores de café	
30% os que sacan a casca, o tostan e o moen	
10% os intermediarios (comerciantes e almacenistas) e exportadores	
42% as empresas que o empaquetan e o distribúen	
8% as tendas e os supermercados	
7% os impostos do estado	

Adaptado do Informe de Café de Oxfam Internacional 2002, Sodepau, Setem. A partir do prezo de venda dun paquete de café nun país europeo.

O comerciante véndella a un almacenista. Tamén lla compra a outros moitos produtores

O almacenista véndelle o café á fábrica que saca a casca

A fábrica ou un exportador véndellelo a grandes empresas, por exemplo europeas. E organizan o traslado

## PREZO INTERNACIONAL DO CAFÉ




Fonte: ICO Statistics. Adaptación en moeda 1 euro: 0'924\$


## OS INTERMEDIARIOS



PLANTÚ



# OS PEQUENOS PRODUCORES E PRODUTORAS



Ola, son Tatu, vivo no distrito de Uru, en Tanzania. O que ocorreu co prezo do café é un desastre. Hai anos, cando os prezos eran bos, podiamos produci-lo suficiente para que os nosos fillos fosen á escola. Agora teñen que deixar de ir porque non podemos paga-las cotas. ¿Como imos leva-los nosos fillos á escola se non gañamos nin para alimentalos ben? Non sei qué pasará na época de choivas, non poderemos paga-los medicamentos contra a diarrea, a malaria,...



## ¿QUE PODEN FACE-LOS PEQUENOS PRODUCORES PARA MELLORA-LA SÚA SITUACIÓN ECONÓMICA?

A Cooperativa Carice, do norte de Haití, vendeu no ano 2000 toda a súa produción a organizacións de comercio xusto. Esa produción comproullela a familias. Eses pequenos produtores recibiron 2,43 euros/kg. A Sra Fabius Mirttil, membro da Cooperativa, díxonos: "non quero nin pensar qué tería pasado sen a Cooperativa. O meu fillo non podería ter ido á escola". Os intermediarios locais ofrecen prezos de miseria polo café. Nese momento pagaban só 0,48 euros/Kg.



Participa na campaña

## COMERCIO CON XUSTIZA

[www.comercioconjusticia.com](http://www.comercioconjusticia.com)

### ¿Como?

- Entra en [www.comercioconjusticia.com](http://www.comercioconjusticia.com) e apúntate á campaña, serás un máis xunto ós miles de persoas de todo o mundo que queremos cambia-las regras do comercio.

¡¡¡¡Convida ós teus pais, amigos e amigas, podédesvos adherir todos!!!

- Envía as túas postais ás empresas que che propoñemos na web. Queremos conseguir que as grandes compañías, accións para asegurar que os produtos de café reciben un prezo digno.

Así, entre todos, poderemos cambia-las regras do comercio.



# ¡¡¡AGARDÁMOSVOS!!!